

PLAN DIXITAL

IES do Camiño

[V1.0 13 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

- 1. Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

- 2. Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

- 3. Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- 4. Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

- 5. Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- ⑩ Tipo de centro..... PÚBLICO
- ⑩ Denominación oficial..... IES DO CAMIÑO
- ⑩ Código do centro..... 27016352
- ⑩ Lugar: Palas de Rei
- ⑩ Provincia..... LUGO
- ⑩ Enderezo..... PRAZA DE ULLOA S/N
- ⑩ Código Postal..... 27200
- ⑩ Teléfono e fax..... 982-870619 // 982-870625
- ⑩ N.I.F..... Q7755305E
- ⑩ Dirección de correo electrónico: ies.docaminho@edu.xunta.es
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesdocaminho>
- ⑩ Número de unidades: 7.

| Número de unidades: | ESO | BAC | FP Básica |
|---------------------|-----|-----|-----------|
| Catalogadas | | | |
| Funcionando | 4 | 2 | 1 |

- ⑩ Número de alumnado a data 24 de xaneiro 2022: 96.
- ⑩ Número de profesorado a data 24 de xaneiro 2022: 25.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES do Camiño encóntrase no concello lucense de Palas de Rei, na comarca da Ulloa. Este municipio conta na actualidade con 3.388 habitantes (INE 2019) e ademais do núcleo urbano, onde se sitúa o instituto, conta con unha ampla contorna rural.

Pola súa parte, Palas forma parte dunha comarca, a Ulloa, na que tamén se sitúan os concellos de Antas de Ulla e Monterroso. Entre as principais actividades económicas deste espazo destaca o sector primario, tanto en canto a agricultura como a gandería. Alén diso, Palas é unha importante referencia no Camiño Francés, o que repercute no sector servizos.

O Plan Dixital contribuirá aos obxectivos do Proxecto Educativo do centro axudando á adquisición de técnicas de traballo, así como de coñecementos de diversos tipos. Así mesmo, existen no centro outros plans e proxectos. Neste sentido, cómpre nomear a existencia no centro dun Proxecto Lingüístico, un Plan anual de traballo da biblioteca, un Plan anual do Equipo de

Normalización lingüística, un Plan de atención á diversidade, un Plan de convivencia, un Plan de Formación do Profesorado, un Plan de Acción Titorial, un Programa TEI (Titoría entre Iguais), un Proxecto E-Dixgal, un Proxecto Abalar ou un Plan Proxecta de correspondentes xuvenís...

Así, o Plan Dixital contribuirá a fomentar a páxina web do centro; a coordinar a acción do profesorado das diferentes áreas en relación ao traballo coas TIC; a impulsar a comunicación con outros centros e localidades; a facilitar o acceso ás tarefas de apoio e reforzo por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo; a potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento; a utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo; a fornecer ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC; a utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas; a potenciar a comunicación cos seus iguais; a mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC; a empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula; a intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como internet; a lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación; a poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica a disposición de nais e pais para favorecer a adquisición dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

Neste sentido, o Plan Dixital será un elemento importante dentro da Programación Xeral do curso 22/23.

1.3.

1.4. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa do Plan Dixital do centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.5. Proceso de elaboración

O Plan Dixital do centro foi elaborado inicialmente creando un grupo de traballo coa intención de crear o documento. A través da Aula Virtual, obtívose o asesoramento externo e seguimento de todo o procedemento e materiais precisos (SELFIE, Plan de Competencia Dixital Docente, Plan de Acción...). O grupo de traballo reuniuse de forma regular e realizáronse reunións presenciais coa Coordinadora do Plan Dixital asignada ao centro por parte da administración educativa.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:

O centro dispón dunha rede de área local LAN. Esta infraestrutura conecta por cable a rede LAN todas as aulas e laboratorios do centro, así como aos departamentos didácticos e outras dependencias. Así mesmo, existe unha rede WIFI con 16 puntos de acceso, dando cobertura a todo o centro. O centro dispón dunha velocidade de 500 megas e un soporte de fibra óptica de 500 megas simétricos.

Equipamento dispoñible e identificación dos usos

| USOS | EQUIPAMENTO DISPOÑIBLE | PROCEDENCIA | ANO | 3.2 NECESIDADES |
|-----------------------------|---|-------------|------|------------------------------|
| | | A | | |
| DESDOBRE 1 | 1 Portátil de profesor, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI). | XUGA | 2012 | Portátil do profesor |
| DESDOBRE 2 | 1 Portátil de profesor, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI). | XUGA | 2015 | Non |
| DESDOBRE 3 | 1 Portátil de profesor, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI). | XUGA | 2015 | Non |
| AULA 1º BAC | 1 Portátil de profesor, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI). | XUGA | 2015 | NON |
| AULA 2º BAC | 1 Portátil de profesor, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI). | XUGA | 2015 | NON |
| AULA FP BÁS. | 1 Portátil de profesor, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI) | XUGA | 2015 | NON |
| ABALAR 1 AULA 1º ESO | 1 Carro para recargar, 1 Portátil de profesor, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI). 25 Ultraportátiles | CENTRO | | NON |
| ABALAR 2 AULA 2º ESO | 1 Carro para recargar ,1 Portátil de profesor, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI). 14 Ultraportátiles | XUGA | 2011 | Portátil do profesor |
| ABALAR 3 AULA 3º ESO | 1 Carro para recargar ,1 Portátil de profesor, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI). 14 Ultraportátiles | XUGA | 2010 | Portátil do profesor |
| AULA IDIOMAS | 1 Ordenador de sobremesa, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI) | CENTRO | | NON |
| AULA 4º ESO | 1 Ordenador de sobremesa, 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI) | CENTRO | | NON |
| ADMINISTRACIÓN | 1 Ordenador de sobremesa, 1 Impresora | CENTRO | | NON |
| DIRECCIÓN E VICEDIRECCIÓN | 2 Ordenador de sobremesa, 1 Impresora | CENTRO | | NON |
| SECRETARÍA E XEFATURA DE E. | 2 Ordenador de sobremesa, 1 Impresora | CENTRO | | NON |
| BIBLIOTECA | 5 Ordenadores de uso xeral, 1 ordenador e 1 impresora para o/a bibliotecario/a. | XUGA | 2007 | Substitución dos ordenadores |
| SALA DE PROFESORADO | 2 Ordenadores de sobremesa , 1 impresora e 1 Escáner (INUTILIZADO) | CENTRO | | NON |
| | 1 Ordenador de sobremesa | XUGA | 2007 | Substitución |
| AULA TECNOLOXÍA | 8 Ordenadores de sobremesa e 1 Canón fixo | CENTRO | | Substitución |
| | 2 Ordenadores de sobremesa | XUGA | 2007 | Substitución |
| AULA PLÁSTICA | 1 Ordenador de sobremesa , 1 impresora , | CENTRO | | NON |

| USOS | EQUIPAMENTO DISPOÑIBLE | PROCEDENCIA | ANO | 3.2 NECESIDADES |
|------------------------------------|--|------------------------|-------------|--------------------|
| | 1 escáner e canón fixo | | | |
| LAB. FÍSICA | 1 Portátil de profesor, 1 Canón fixo | CENTRO | | NON |
| AULA MÚSICA | 1 Ordenador de sobremesa | XUGA | 2007 | Substitución |
| DESDOUBLE 4 | 1 Ordenador de sobremesa | XUGA | 2007 | Substitución |
| AULA PT | 1 Ordenador de sobremesa e 1 impresora | CENTRO | | NON |
| AULA CONVIVENCIA | 1 Ordenador de sobremesa | XUGA | 2007 | Substitución |
| DEPARTAMENTO DE LINGUAS E HISTORIA | 1 Ordenador portátil | CENTRO | | NON |
| LAB. BIOLOXÍA | 1 Ordenador de sobremesa e 1 Canón fixo | CENTRO | | NON |
| AULA DE MAT. AUDIOVISUAIS | 1 Ordenador de sobremesa | XUGA | 2007 | Substitución |
| | 1 Canón móbil e 1 Encerado dixital (EDI) | XUGA | descoñecido | NON |
| AULA INFORMÁTICA 1 | 9 Ordenadores de sobremesa, 1 canón fixo. | XUGA | 2007 | Substitución |
| | 14 Ordenadores de sobremesa | CENTRO | | Substitución |
| AULA INFORMÁTICA 2 | 1 Videoproxector fixo e 1 Encerado dixital (EDI) | XUGA | 2015 | NON |
| | 16 Ordenador de sobremesa | PROXECTO ABALAR | 2015 | NON |

Servizos dixitais educativos.

Servizos corporativos que facilitan a xestión docente

- **Páxina web do centro:**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdocaminho/>

- **Aula virtual**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdocaminho/aulavirtual/>

- **E-Dixgal**

<https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>

- **EspazoAbalar**

<https://www.edu.xunta.gal/abalar/>

Servizos non corporativos que facilitan a xestión docente

O centro dispón de contas na redes sociais. Algún profesorado emprega blogs para a docencia.

Xestión do mantemento do equipamento do centro.

O centro dispón de servizo de mantemento informático contratado con una empresa

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:.

2.2.

2.3. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo do SELFIE

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|----------------|------------|-----|-------------|-----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | | 3.7 | 2.7 | 4 | |
| | Profesorado | | 3.9 | 3.9 | 4 | |
| | Alumnado | | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | | 3 | 2.6 | 4 | |
| | Profesorado | | 3.4 | 3.3 | 3 | |
| | Alumnado | | 3.1 | 2.7 | 3 | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | | 4.4 | 4.2 | 3.9 | |
| | Profesorado | | 4.1 | 4 | 4.2 | |
| | Alumnado | | 3.5 | 3 | 2.6 | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | | 4.2 | 3.7 | 4 | |
| | Profesorado | | 3.8 | 3.8 | 4.3 | |
| | Alumnado | | | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | | 4.4 | 4.1 | 4.3 | |
| | Profesorado | | 3.5 | 3.8 | 4.1 | |
| | Alumnado | | 3.7 | 3.5 | 3.6 | |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | | 3.9 | 2.9 | 3.8 | |
| | Profesorado | | 2.9 | 3.3 | 3.2 | |
| | Alumnado | | 3.2 | 2.6 | 2.7 | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | | 3.6 | 3 | 3.8 | |
| | Profesorado | | 2.5 | 2.7 | 3.1 | |
| | Alumnado | | 3 | 2.5 | 2.9 | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | | 4.5 | 3.5 | 4 | |
| | Profesorado | | 3.4 | 3.5 | 3.2 | |
| | Alumnado | | 3.4 | 2.7 | 3.4 | |

Test de competencia dixital docente:

Participación segundo perfil do profesorado (1.3)

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 14 | 17 | 82,4 |
| PROVISIONAL | 1 | 2 | 50 |
| INTERINO | 4 | 5 | 80 |
| SUBSTITUTO | 1 | 1 | 100 |
| DESPRAZADO | | | |

Puntuación e nivel de competencia do centro (2.1)

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 78,5 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

Puntuación e nivel de competencia por etapas (2.2)

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| ESO | 85,4 | Integrador/a (B1) | 79,7 | Integrador/a (B1) |
| BAC | 68,1 | Integrador/a (B1) | 78,4 | Integrador/a (B1) |
| F.P | 73 | Integrador/a (B1) | 80,2 | Integrador/a (B1) |

Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| A1 | 1 | 5 |
| A2 | 8 | 40 |
| B1 | 5 | 25 |
| B2 | 4 | 20 |
| C1 | 1 | 5 |
| C2 | 0 | 0 |
| TOTAL | 19 | 95 |

2.4. 2.3 Análise DAFO

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|------------------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <ol style="list-style-type: none"> 1. Elevado número de equipos e moi boa conectividade. 2. Están actualizados os equipamentos e as redes 3. El alumnado conta cos seus propios dispositivos portátiles Edixgal para o seu propio aprendizaxe. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Insuficiente política de protección de datos 2. Insuficiente falta de formación sobre aprendizaxe mixta |
| | PERSOAL DOCENTE | <ol style="list-style-type: none"> 1. Comunicación coa comunidade educativa a través de medios dixitais. 2. Suficiente participación en el DPC 3. Suficiente utilización de recursos educativos en liña 4. Entorno dinámico e traballador. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Non se utilizan tecnoloxía dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais. 2. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado. 3. Insuficiente tempo para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital. |
| | PERSOAL NON DOCENTE | <ol style="list-style-type: none"> 1. Traballo en equipo. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de claridade no feito de que as ferramentas dixitais sexan todas da súa competencia |
| | ALUMNADO | <ol style="list-style-type: none"> 1. Suficientes dispositivos dixitais para el aprendizaxe. 2. Si aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais 3. Suficiente comportamento seguro e responsable do alumnado | <ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de conciencia da necesidade de comprobación se a información que atopa en internet é fiable e precisa 2. Cando é procedente, o alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet |
| | FAMILIAS | <ol style="list-style-type: none"> 1. Boa disposición ao emprego de tecnoloxías dixitais. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Non todas dispoñen de competencia dixital |
| | OFERTA | <ol style="list-style-type: none"> 1. Suficiente variedade nas modalidades de ensinanza. 2. Si existe unha estratexia dixital. 3. Oferta de optativas relacionadas coas tecnoloxías dixitais. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Imposibilidade de ofertar todas as materias por baixa ratio. |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | <ol style="list-style-type: none"> 1. Suficiente asistencia técnica. 2. O número do alumnado co que contamos permite un bo aproveitamento dos espazos e recursos do centro educativo. 3. Centro de antiga implantación pero con infraestruturas actualizadas. 4. O equipo directivo involucra, de forma xenérica, ao profesorado na estratexia dixital do centro | <ol style="list-style-type: none"> 1. Dentro do horario non se contempla tempo dedicado á comunicación sobre o desenvolvemento coordinado do Plan Dixital do centro. |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|------------|--------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | 1. Apoio institucional ao plan dixital. | 1. Sobrecarga de traballo burocrático. 2. Falta de renovación de determinados equipamentos informáticos de aula e insuficientes equipos a disposición do profesorado 3. Dificultades dende Orientación para o envío de mensaxería a través de Abalar por non teren grupos asignados con docencia e imposibilidade de solicitar información ao profesorado 4. Creación dun perfil en XADE común a todos os centros co epígrafe "Orientación" |
| | LEXISLACIÓN | 1. Algúns cambios legislativos favorables, que ofrecen: equidade, seguridade xurídica, lexislación sobre o ciberespazo etc. | 1. Amplitude e inestabilidade legislativa. 2. Vixencia de varias leis educativas solapadas, cos seus conseguintes desenvolvementos normativos. |
| | CONTORNA | 1. Existencia de equipamento dixital na maioría dos domicilios do alumnado para ser usados no proceso de aprendizaxe. 2. Moi boa ratio profesorado – alumnado. | 1. A distancia entre os pequenos núcleos de poboación, xunto coa falta de infraestruturas, incide na fenda dixital non facilitando acceso de calidade a internet |
| | ANPA | 1. Creación dunha ANPA | 1. Non existe a posibilidade de organizar actividades extraescolares en relación ás ferramentas dixitais |
| | OUTRAS ENTIDADES | 1. Apoios por parte do concello 2. Plan director do Ministerio do Interior: Ciberacoso, Internet e RRSS e Plan Proxecta+: Correspondentes xuvenís | 1. Carencia de espazos de uso público con medios e conectividade dixital. |

3.

4. Plan de Acción

4.1. Obxectivos, indicadores e accións

Logo da análise do SELFIE o Test de Competencia Dixital e a análise DAFO e reunións coa Coordinadora territorial do Plan Dixital, establecéronse áreas prioritarias que permitiron determinar os obxectivos (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal). Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora.

4.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Equipamento:

Está detallado no apartado 2.1. Na última columna das táboas veñen expresadas as necesidades de equipamento.

Con respecto á infraestruturas, en telefonía precísanse dous puntos nos despachos de xefatura de estudos e vicedirección, e outro máis na titoría (aula recepción de pais).

Servizos educativos, software:

Precísase unha nube para traballar con documentos compartidos, un espazo para blogs, revista dixital, publicación de vídeos e tamén contás de correo para o alumnado. Asemade sería bo contar cun caderno dixital para o profesorado.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| “Área/s de mellora”. Área B: Colaboración e interconexión. | | | | | | |
|--|--|------------------------------|---|---------------------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): | Mellorar o dominio por parte das familias da contorna dixital ABALAR (Ítem B3*). | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Xefatura de estudos | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de mensaxes respondidas a través de ABALAR por parte das familias. | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0 familias comparten mensaxes co profesorado ao comezo do curso | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 25% das familias intercambian mensaxes dixitais | | | 30 de xuño de 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: Creación dun grupo de traballo para realizar as actuacións relativas ao obxectivo | Xefe de estudos | 1 Outubro 2022 | Convocatoria | Observacións do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Elaboración, distribución, recollida e análise de datos do indicador | Responsable do grupo de traballo e titores | 30 Xuño 2023 | Enquisa Conclusións da enquisa | Observación do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.3: Elaboración e distribución dun documento guía de contornas dixitais | Responsable do grupo de traballo | 31 Marzo 2023 | Equipamentos informáticos Impresións | Observacións do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.4: Proposición de realización dunha xornada formativa na presentación de comezo do curso | Responsable do grupo de traballo | 30 Setembro 2022 | Salón de actos Equipamentos informáticos | Observacións do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.5: Intercambio de mensaxes dixitais entre profesorado e familias | Responsable do grupo de traballo | 30 Xuño 2023 | Equipamentos informáticos Cómputo de mensaxes a 30 de Xuño | Observacións do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

*B3: Colaboracións

| “Área/s de mellora”. Área B: Colaboración e interconexión. | | | | | | |
|--|---|-----------------------|---|--------------------------|-------------|--|
| 2. OBXECTIVO (1): | Mellorar o coñecemento por parte das familias da Aula Virtual e de EDIXGAL (Ítem B3). | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Xefatura de estudos | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de familias asistentes á formación | | | | | |
| Valor de partida (3) | Non hai datos | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 25% de familias asistentes á formación | | | 30 de xuño de 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO2.1: Creación dun grupo de traballo para deseñar accións formativas | Xefe de estudos | 30 Setembro 2022 | Convocatoria | Observacións do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.2: Realización de Xornada de Formación | Grupo de traballo e titores | 30 Setembro 2022 | Equipamentos informáticos Impresións | Observación do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO2.3: Elaboración e distribución dun documento guía de contornas dixitais | Grupo de traballo | 31 Marzo 2023 | Equipamentos informáticos Impresións | Observacións do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

*B3: Colaboracións

| “Área/s de mellora”. Área H: Competencias dixitais do alumnado. | | | | | | |
|--|---|-----------------------|---|--------------------------|-------------|--|
| 3. OBXECTIVO (1): | Mellorar a capacidade de avaliación da fiabilidade da información buscada en internet (Ítem H5*). | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Xefatura de estudos | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | % de resultados correctos de test | | | | | |
| Valor de partida (3) | % de resultados correctos de test na 1ª realización | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Incremento do 10% nos resultados do test | | | 30 Xuño 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO3.1: Creación dun grupo de traballo para deseñar test e accións formativas | Xefe de estudos | 30 Setembro 2022 | Convocatoria | Observacións do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.2: Elaboración e aplicación de accións formativas | Grupo de traballo e titores | 23 Decembro 2022 | Equipamentos informáticos Sesións de titoría | Observación do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.3: Elaboración e realización de varios test por parte dos alumnos | Grupo de traballo e titores | 30 Xuño 2023 | Equipamentos informáticos Sesións de titoría | Observacións do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO3.4: Análise dos resultados do test | Grupo de traballo | 30 Xuño 2023 | Equipamentos informáticos | Observacións do estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

*H5: Verificar a calidade da información

| “Área/s de mellora”. Area H. Competencias dixitais do alumnado. | | | | | | |
|---|---|------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|--------------------|--|
| 4. OBXECTIVO (1): | Deseñar actividades dixitais para que o alumnado valore e retroalimente o traballo alleo. (Ítem H7*). | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Xefatura de estudos | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Nº de actividades deseñadas polo Grupo de Traballo | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0 | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 5 | | | A 30 de xuño de 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO4.1: Solicitar que dentro do Plan de Formación do Profesorado haxa unha liña para crear este tipo de actividades | Coordinadores de Abalar e Edixgal | 23 Decembro 2022 | Aula informática | Observación de estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.2: Divulgar entre o profesorado o PFPP | Xefatura de estudos | 23 Decembro 2022 | Correos corporativos | Observación de estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.3: Poñer a proba (piloxaxe) as actividades deseñadas | Xefatura de estudos | 30 Xuño de 2023 | Equipamentos informáticos | Observación de estado | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

*H7: Otorgar o recoñecemento ao traballo dos demais

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.
Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.
No contexto da avaliación do Plan, se reflectira na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).
 - (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
 - (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
 - (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.
- ACCÍONS A DESENVOLVER:**
- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
 - (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
 - (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
 - (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
 - (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
 - (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

5. Avaliación do plan

5.1. Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos consistirá:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Utilizaranse as táboas do Plan de Acción comprendido dentro deste Plan Dixital como un medio que facilite o seu seguimento.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Anualmente, de forma posterior á avaliación final, realizarase unha revisión con eventuais propostas de mellora do Plan Dixital para cursos posteriores. Así mesmo, de forma anual realizaranse enquisas SELFIE que faciliten a revisión do Plan Dixital.

6. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do Claustro e Consello Escolar, farase público na páxina web do centro e será exposta unha copia impresa na Sala de profesorado.

O presente PLAN DIXITAL foi aprobado polo Consello Escolar e polo Director do IES do Camiño, tras ser oído o Claustro, o día 28 de xuño de 2022.

Palas de Rei, a 28 de xuño de 2022.

O Director

Asdo.: Fernando García Penas.